



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE MONDOŃEDO - FERROL PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Santiago de Compostela,

13 OUT. 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, o Excmo. D. Fernando García Cadiñanos, actuando en representación da Diocese de Mondoñedo - Ferrol, en virtude da súa condición de Bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do "Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os





convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon ao servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Mondoñedo - Ferrol ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmoble, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e a Diocese de Mondoñedo - Ferrol para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a





perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.





Terceira.- Obrigas da Diocese de Mondoñedo - Ferrol

Pola súa banda, a Diocese de Mondoñedo - Ferrol comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemeade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica



Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.


O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade,

Román Rodríguez González



O bispo da Diocese de
Mondoñedo - Ferrol

D. Bernardo García Cadiñanos





ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

BEN: Mosteiro e igrexa de san Salvador en Vilanova, Lourenzá

SITUACIÓN: Vilanova, Lourenzá (Lugo)

PROTECCIÓN: Edificio protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben de interese cultural segundo o que establece o Decreto 2834 do 30.08.1974 (BOE núm. 240 do 7.10.1974) co núm. de rexistro 51-0003959-00000. O seu contorno foi delimitado no Decreto 26/1999, do 5 de febreiro, polo que se declara a delimitación do entorno de protección do mosteiro de san Salvador (DOG núm. 31 do 16.02.1999)

ACTUACIÓN: Restauración da igrexa do mosteiro de san Salvador de Lourenzá, Lugo (exp: SAR-2018-079)

INVERSIÓN ESTIMADA: 327.954,02€ (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses
---	---

DESCRICIÓN:

O mosteiro foi fundado no ano 969 pero non se conserva nada das antigas edificación, a excepción de dúas pedras.

Considérase fundador do mosteiro ao conde Osorio Gutiérrez, que o ampliou, protexeu e actuou coma mecenas, sobre un pequeno cenobio. O complexo arquitectónico foi cambiando a través dos séculos e das modas construtivas, de maneira que o edificio último data do século XVII en estilo barroco. É a actual sede do Concello de Lourenzá.

É o monumento máis importante do concello e un referente da arquitectura barroca galega.

A igrexa que pode verse nestes tempos construíuse na etapa de esplendor do barroco, modificándose totalmente o edificio anterior. Iniciouse en 1735 seguindo as trazas do monxe Juan Vázquez de Samos, que despois alterou Fernando de Casas y Novoa, deseñando ademais a fachada e dirixindo as obras das naves ata o cruceiro.

É de pedra de granito procedente de Burela. Coñécese o proceso de construción gracias ao manuscrito conservado no propio mosteiro, escrito por fray Benito Ponte.

A igrexa ten planta de cruz latina, tres naves separadas por pilastras dóricas das que parten arcos faixóns. A nave maior, o presbiterio e os brazos do cruceiro cóbrense con bóveda de canón con lunetos. As naves laterais e o triforio teñen bóveda de aresta e o centro do cruceiro cóbrese cunha gran cúpula de media laranxa con lanterna.

A nave central é ancha e luminosa e nos seus laterais ábreanse pequenas capelas para o culto: a capela de Nosa Señora de Valvanera e a capela de Nosa Señora de Valdeflores na que se atopa o sarcófago do Conde Santo.

Conta cun retablo neoclásico de Ventura Rodríguez con imaxes de Ferreiro e tamén cun retablo renacentista de san Xosé, o de santa Gertrudis coa Virxe de Montserrat, unha tapa do sepulcro dun cabaleiro e unha lápida de Villaroel.

O coro é de sillería moi sinxela, con madeira no seu color natural e consta de dous órganos barrocos.

Destaca tamén o Museo de Arte Sacro situado no inmobile.





XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

No ano 2017 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural realizou un informe valorado de posibles actuacións en BIC no ámbito dos Camiños de Santiago. No informe relativo a este inmovible relatáronse diversas deficiencias no seu estado de conservación que afectan aos seus paramentos interiores, revocaduras das bóvedas, manchas de humidade en diversas zonas, e unha instalación de electricidade moi antiga que pode supoñer un risco importante para a seguridade do ben.

No ano 2018 o delegado de patrimonio da diocese de Mondoñedo-Ferrol comunicou á Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais que se desprenderan da lanterna da igrexa diversos fragmentos de pedra que caeron no interior do cruceiro. Ante a posibilidade de futuros desprendementos e a imposibilidade de acceder de xeito áxil e rápido á lanterna para avaliar os riscos e a seguridade da cúpula da lanterna, a DXPC encargou unha fotogrametría da lanterna (exterior e interior) para obter imaxes de alta resolución.

Dos estudos previos desprendeuse a necesidade dunha actuación importante no ben atendendo principalmente aos sistemas construtivos que configuran a estrutura tradicional de fábrica, a envolvente do inmovible (cuberta, paramentos vertivais e carpinterías), o sistema de acabados (revocaduras) e no seu caso o sistema de cimentación tanto polo exterior coma polo interior.

Tamén é preciso unha actuación na instalación eléctrica que é moi antiga e non se atopa en bo estado de conservación polo que pode supoñer un risco para as persoas e para a seguridade do ben.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

- restauración da lanterna do cruceiro que inclúe a desmontaxe e posterior montaxe do cupulino (i/ reparación das carpinterías e ferraxes)
- reparación de danos estruturais existentes nas fábricas de cantería da nave lateral sur (arco e muro)
- eliminación de filtracións de auga de chuvia a través da cuberta das naves laterais e encontros singulares
- adaptación da instalación eléctrica á normativa vixente.





BEN: Igrexa de Vilares de Parga (parroquial de san Vicenzo)

SITUACIÓN: As Reixas, Os Vilares, Guitiriz (Lugo)

PROTECCIÓN: Edificio protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia por estar incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Guitiriz, aprobado definitivamente con data do 31.06.2020 (BOP do 16.10.2020) coa ficha número 2.1-47. A igrexa tamén está recollida no Catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 27022_14480

ACTUACIÓN: Restauración do conxunto mural da nave central da igrexa de Vilares de Parga, Guitiriz (Lugo) (exp.: SAR-2018-196)

INVERSIÓN ESTIMADA: 68.842,23 € (IVE incluído) **PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO:** 6 meses

DESCRICIÓN:

As decoracións murais atópanse na nave do templo de san Vicenzo, localizado na parroquia dos Vilares, lugar das Reixas, en Guitiriz (Lugo). Pertence ao arciprestado de Begonte-Parga. As pinturas murais conservadas dispóñense ao longo dos paramentos norte e sur da nave do templo.

En liñas xerais o ciclo pictórico de san Vicenzo dos Vilares debemos enmarcalo dentro dos cánones do gótico hispano-flamenco. Estudos puntuais indican que aínda que o estilo gótico hispano-flamenco se introduce en Galicia en torno a mediados do século XV, practicamente toda a pintura coñecida ata o momento nesta zona do noroeste peninsular parece cingirse ás primeiras décadas do século XVI. As paredes de san Vicenzo dos Vilares agochan xoias pictóricas que levan a unha época que vai dende o segundo terzo do século XVI á segunda metade de século.

O estado de conservación no que se atopan as pinturas, as lagoas, as faltas de materia e os restos de encalado que aínda cobren partes importantes das escenas obriga a abrir unha serie de liñas no terreo da interpretación e na lectura iconográfica que poderán ser matizadas logo da súa restauración.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Os paramentos da igrexa están construídos con aparello de sillería de granito.

O morteiro basal é o morteiro máis antigo, detectado sobre o muro norte da nave. Aparece enchendo as xuntas e as irregularidades dos sillares. Macroscopicamente é un morteiro de ton branco pouco compacto, de escasa coherencia e bastante deleznable. Directamente sobre os morteiros anteriormente descritos, dispónse a capa de pintura. Esta capa pictórica realizada ao fresco sobre un morteiro de cal e area está composta esencialmente por un sólido pulverizado, o pigmento, acompañado en ocasións dunha carga inerte.

Sobre as decoracións murais dos muros norte e sur, aparecen varias capas sucesivas de recubrimentos de cal (chegáronse a contar máis de 10 capas de caleados nalgunhas zonas). Actualmente parte deses caleados foron retirados sen control profesional, houbo repicados e tamén se deixaron os restos máis duros, polo que o que se conserva do conxunto aparece bastante fragmentado.



As principais alteracións que podemos observar son as debidas a fenómenos naturais, de natureza física e química, desencadeadas polos axentes ambientais que inciden neste inmobile e que determinan as variacións térmicas e a presenza de auga.

A presenza destes axentes ou factores de deterioración explícase pola situación, modificacións e intervencións que sufriu o edificio: o basamento permeable, que produce humidade por capilaridade leva a posta en marcha de reaccións químicas e físicas. A falta dun sistema de recollida de augas e unha cuberta en mal estado no pasado provocou a entrada de auga por infiltración. Hoxe en día esas variables parecen bastante estables e son altas cotas de humidade propias da zona xeográfica, preto do océano, clima suave e húmido, unido á falla de circulación de aire os que producen un ambiente de alta humidade relativa que pode provocar humidade por condensación.

Estas tres variantes de auga conflúen como o principal axente de deterioración das pinturas debido a dous factores determinantes. Por un lado a frecuencia da súa aparición e por outro (polo seu efecto como catalizador, intermediario e potenciador de moitas deterioracións, especialmente as alteracións debidas a reaccións químicas producidas pola presenza da auga) precipitación de sales solubles e insolubles.

A capa pictórica presenta as seguintes alteracións:

- falta de cohesión e algo de pulverulencia
- falta de adhesión entre os diferentes estratos, localizada en zonas afectadas pola humidade por capilaridade
- superposición de po superficial e sucidade xeneralizada moi compactados, especialmente a altura das mans dos usuarios do templo
- presenza de velos, concrecións salinas e restos de caleado moi carbonatado.
- faltas na capa pictórica de tamaño considerable.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

A proposta de intervención consiste de xeito resumido en:

- Eliminación de morteiros, cales, cementos e elementos alleos á obra co obxecto de devolverlle á superficie do conxunto mural a uniformidade perdida, recuperando o tecido discursivo e eliminando velos salinos e outros produtos de natureza higroscópica que favorezan o desencadeamento de procesos de deterioración.
- Limpeza da superficie para devolverlle á superficie do conxunto mural a uniformidade perdida.
- Fixación e consolidación do soporte e fixación dos estratos polícromos xa que debido a que a capa pictórica presenta procesos de descamación e desintegración e a revocadura perdeu a súa cohesión ou a súa adherencia ao soporte en algunhas zonas, faise necesario emprender os traballos de consolidación e fixación combinándoos coas de retirada das proteccións e eliminación de morteiros e cales onde sexa preciso.
- Reintegración máterica e reposición de morteiros co obxecto de restablecer a superficie lisa no estrato da pintura evitando que as lagoas e faltas de cor cubran o corpo e fagan sombras, facilitando a lectura do conxunto mural. As gretas e fisuras finas que non entrañen perigo para a conservación respetaranse como pátina e sinal do paso do tempo (as grandes sanearanse e selaranse con morteiro de cal). Tamén se intervirá nas zonas de perda total do coro e baixo coro, así como no intradós das portas e xanelas.





- A
- Reintegración cromática como operación destinada a restituír estética e visualmente a unidade perdida da obra e así facilitar a comprensión desta. Os criterios esenciais que dirixirán esta parte da intervención son a ausencia de intervención sobre o que o autor pintou e quixo comunicar coa obra, armonización co orixinal e coa restauración do muro norte, invisibilidade dende a distancia á que a obra de arte sexa contemplada, pero inmediatamente recoñecible e sen necesidade de instrumentos especiais en canto se acceda a unha visión máis próxima, inocuidade e reversibilidade dos produtos utilizados e a reintegración deberá cingirse á lagoa.
 - Iluminación ornamental: unha vez retirados os cables e finalizados os traballos deseñase unha iluminación que responda ás necesidades da propiedade con luminarias que sexan afíns á conservación.

